

PONTES PARA COÑECÉRMONOS:



Santiago de Compostela

**VI CONCURSO DE TRABALLOS
POR PROXECTOS desde e coa
Biblioteca Escolar realizados no
curso 2018/2019, modalidade 2.**

CEIP de Prácticas López Ferreiro.

15015676



Vila Real



1.- INTRODUCCIÓN: OBXECTO, TEMÁTICAS E PRODUTO FINAL

ETAPA, NIVEL E ÁREAS PRIMORDIAIS DO PROXECTO: 6º de educación primaria. E abrangue as áreas de ciencias sociais, matemáticas, lingua galega, lingua inglesa e robótica (materia de libre configuración en 6º).

XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE:

- Forma parte do currículo de 6º de educación primaria o estudo das características xeopolíticas de Europa, así como unha iniciación ao estudo das súas etapas históricas. Por outra banda, os diferentes Camiños que chegaban a Santiago foron vías de coñecemento durante a Idade Media, onde se intercambiaban diferentes maneiras de entender a vida. Mais parece que o país, e a rexión, con que compartimos algo máis ca unha fronteira, era unha zona ben descoñecida para a comunidade educativa do CEIP López Ferreiro.
- Por tanto, e tendo en conta a convocatoria dun *Programa de Educación Patrimonial de Intercambios Escolares entre Concellos de Galicia e de Portugal no marco do Eixo Atlántico*, decidimos investigar sobre a cidade portuguesa de Vila Real e a súa rexión, para dar a coñecer o investigado tanto ao alumnado do centro como ás súas familias, ao xeito de como o coñecemento se adquiría na época medieval: andando os camiños.

DESCRIBIÓN DA ACTIVIDADE:

- Como elemento de motivación, programouse unha viaxe educativa a Vila Real na rexión Norte de Portugal; pero, previamente, investigouse e plasmouse por diferentes medios (*radio escolar, carteis dixitais, robots educativos, folletos publicitarios e mapas interactivos*) as características da rexión de Tras Os Montes. Ao tempo, fíxose fincapé nas semellanzas e relacións existentes, tanto históricas coma culturais, con Santiago de Compostela e, por extensión, con Galicia.

TEMPORALIZACIÓN: marzo e abril, con visitas a Vila Real e acollemento do alumnado portugués no noso centro.

DEFINICIÓN DO PRODUTO FINAL:

- Creación dun **PÓSTER DIXITAL** con:
 - **Programas de radio** con entrevistas sobre a orixe do reino de Portugal, a súa lingua e a biografía de D. Dinis (fundador da cidade portuguesa); tamén outro segundo sobre as características da rota cultural Miñota ribeira.
 - Un **vídeo** con explicacións do alumnado sobre gráficas comparativas entre a división territorial española e portuguesa, así como as características demográficas de Vila Real fronte a Compostela.
 - Un xogo **interactivo** da cidade portuguesa con explicación dos seus monumentos máis significativos.
 - Un deseño do **Caminho Minhoto para realizar con robots**.
 - **Colección de folletos** publicitarios en formato papel e dixital sobre Vila Real.
- Difusión do investigado entre a comunidade educativa do CEIP López Ferreiro mediante os blogs do centro e un código QR para cada familia.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN DO PROXECTO NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 6º

Remitimos ao seguinte enlace para comprobar como se seleccionaron os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave dentro da programación didáctica de sexto:https://issuu.com/carmen165/docs/contextualizaci_n_dos_contidos

3.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: DESCRICIÓN E TAREFAS .

FASE DE MOTIVACIÓN E EXPLORACIÓN: "Cando nos separamos?"			
EXERCICIOS E ACTIVIDADES	ESPAZO	AGRUPAMENTO	DEFINICIÓN DO PRODUTO FINAL
Preparación dunha entrevista radiofónica con Lourdes Maceiras (difusora do Camiño Minhoto) e Isabel Morán (profesora de lingua e literatura portuguesa na USC) para coñecer a orixe do reino de Portugal e a creación de Vila Real por D. Dinis.	Aula e biblioteca	Pequeno grupo.	ENTREVISTA RADIOFÓNICA NA RADIO ESCOLAR PARA COÑECER A SEPARACIÓN DOS CONDADOS DE GALICIA E PORTUGAL.
Posta en común sobre a observación das diferenzas e similitudes entre as cantigas de D. Dinis e trobadores de Compostela (Joan Airas, Bernal de Bonaval, Airas Nunes...). Investigación do porqué das semellanzas.	Biblioteca	Gran grupo.	
Indagación sobre a gastronomía característica da zona Norte de Portugal. Elaboración dun menú seguindo as proporcións das receitas.	Cociña do centro.	Pequeno e gran grupo para a degustación.	

- A partires da lectura das cantigas galego portuguesas relacionadas con Santiago e as de D. Dinis, observamos as similitudes lingüísticas para percatarnos que nos unía un pasado común. Como as preguntas que xurdían eran moitas, por pequenos grupos elaborouse un cuestionario para entrevistar á profesora da USC Isabel Morán, especialista en lingua e literatura portuguesa. E este foi o resultado que tamén se pode escoitar no noso blog *Lulu nas ondas*: <https://www.ivoox.com/35077517>
- Comezaba entón un coñecemento máis profundo sobre o país veciño, e para que a entrevista fora motivo de síntese e reflexión, elaborouse tamén un cuestionario ao que o alumnado debía responder unha vez escoitada a entrevista.
- E se a festa e a gastronomía son elementos que unen aos pobos, realizouse un obradoiro de cociña portuguesa na cociña do centro. Grazas a Pepe e a Susana, os cociñeiros, o alumnado tivo unha clase práctica de proporcionalidade matemática

MUSEO POBO GALEGO: BERNAL DE BONAVAL.

Trobador relacionado coa igrexa de San Domingos de Bonaval que no S. XIII, cando compuxo as cantigas, estaba fóra dos muros da cidade.

A seguinte composición é unha cantiga de amor na que o poeta explora o tema da dor causada pola separación. O poeta declara á súa señora que quere ir a Bonaval, mais ao mesmo tempo deixa claro que iso lle é tan penoso que lle impedirá durmir. Nas cantigas galego-portuguesas, as romarías, en xeral, supoñen para os amantes unha ocasión para o encontro.

A Bonaval quer' eu, mia senhor, ir

A Bonaval quer' eu, mia senhor, ir

e des quand' eu ora de vós partir

os meus oíhos non dormirán.

Ir-m'-ei, pero m' é grave de fazer

e des quand' eu ora de vós tolher

os meus oíhos non dormirán.

Todavía ben será de provar

de m' ir, mas des quand' eu de vós quitar

os meus oíhos non dormirán

Adaptado de *O amor que eu leí de Santiago* (M. Isabel Morán, 2008; Antonio Sotelo e Xosé Gregorio de Lázaro).



Programa de Educación Patrimonial de Intercambios Escolares entre Concellos de Galicia e de Portugal no marco do Eixo Atlántico.

Concello de Santiago de Compostela.

CEIP López Ferreiro.



POR QUE NOS SEPARAMOS? (Ou un pouco de historia da nosa lingua).

Escoita con atención as preguntas e as respostas realizadas á profesora Isabel Morán, e tenta responder a estas cuestións:

1. Por que o galego e o portugués son linguas moi próximas?
2. En que século se separaron os condados da Galiza e de Portucale?
3. Indica tres diferenzas actuais entre o idioma galego e o portugués.
4. Que rei portugués reclamaron os nobres galegos como propio no S.XIV?
5. As cantigas do galego medieval ou cantigas portuguesas clasifícanse en tres tipos principais. Cales son?
6. D. Dinis foi un rei portugués fundador, ademais, de Vila Real. Serías quen de sinalar tres características de D. Dinis?
7. Sinala tres aspectos a ter en conta cando escoitemos ou falemos portugués.
8. Indica algún trobador nado en Santiago de Compostela.
9. Pareceche interesante esta entrevista? Por que?



Procurouse, por tanto, unha implicación activa e participativa desde o primeiro momento do proxecto, e as receitas elaboradas tamén se compartiron coas familias.

Pero pasada esta primeira fase había que seguir indagando...Se antes eramos un mesmo pobo, seguimos a manter semellanzas ou hai moitas diferenzas? Foi entón cando comezou a fase de busca de información que se desenvolveu de acordo ao seguinte esquema:

FASE DE DESENVOLVEMENTO: "Seguimos parecéndonos?"			
EXERCICIOS E ACTIVIDADES	ESPAZO	AGRUPAMENTO	DEFINICIÓN DO PRODUTO FINAL
Elaboración de gráficas comparativas sobre a demografía de Vila Real e Compostela: densidade; sectores de produción; pirámides de poboación; a emigración...	Biblioteca e aula.	Pequeno grupo.	GRAVACIÓN DUN VÍDEO EXPLICATIVO DAS INFORMACIÓNS ENCONTRADAS.
Investigación sobre a división territorial portuguesa e española.	Biblioteca e aula.	Pequeno grupo	
Elaboración de gráficas comparativas sobre o tempo meteorolóxico entre Compostela e Vila Real: observación diaria para observar as diferenzas climatolóxicas.	Biblioteca e aula.	Pequeno grupo.	
Fixación de estruturas orais e escritas en inglés para coñecer os transportes en que ir, os lugares a visitar, os pratos tradicionais, a cultura e as tradicións.	Biblioteca e aula.	Pequeno grupo.	

Primeiramente elaboramos esquemas sobre os datos a buscar e, en grupos de tres, distribuíuse o traballo. Logo, a información era exposta ao resto da clase e con todo o material creamos un vídeo: <https://youtu.be/hJXFMcPuYrg>

FASE DE PRESENTACIÓN E COMUNICACIÓN DO APRENDIDO: "Guía de viaxe: o Apóstolo quiere coñecer Vila Real"			
EXERCICIOS E ACTIVIDADES	ESPAZO	AGRUPAMENTO	DEFINICIÓN DO PRODUTO FINAL
Elaboración dun quiz interactivo sobre os monumentos e lugares de interese de Vila Real e arredores.	Aula	Pequeno grupo.	<p style="text-align: center;">CREACIÓN DUN PÓSTER DIXITAL RESUMO DE TODO O ELABORADO E APRENDIDO.</p>
Entrevista a Lourdes Maceiras, difusora do Camiño Miñoto, sobre as características desta rota cultural, para colgar no blog de <i>Lulu nas ondas</i> .	Biblioteca	Gran e pequeno grupo para a entrevista.	
Deseño dun programa de "segueliñas" para que o robot se desprace polo Camiño Minhoto Ribeiro, cun percorrido a seguir desde o lugar máis próximo a Vila Real (parte do camiño) ata Santiago de Compostela.	Aula e biblioteca.	Pequeno e gran grupo.	
Investigación sobre os monumentos máis representativos das etapas deste camiño, e sinxelas descrições para colgar nun mapa interactivo.	Aula e biblioteca.	Pequeno grupo	
Elaboración dun folleto publicitario en formato papel cun resumo da información para repartir ás clases como agasallo, e creación dun código QR para as familias.	Aula e biblioteca.	Pequeno e gran grupo.	

Nesta fase xa viaxamos ata Vila Real grazas ao programa de intercambio entre os concellos de *Galicia e Norte de Portugal_Eixo Atlántico*.

Por tanto, agora tratábase de difundir entre a comunidade educativa todo o que descubrimos no país irmán, é dicir darlle publicidade, eixo temático do PDI da biblioteca durante o presente curso: o xornal e a páxina do Concello

(http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=18341&lg=gal), foron os primeiros en dar a coñecer o noso proxecto. A

continuación, plasmouse o aprendido e para interaccionar co resto da comunidade educativa creouse un Quiz Vila Real, e que ademais serviu de avaliación lectora:

https://docs.google.com/presentation/d/1iy44Yn1KB5srM_NJL0_IkMxzGbBIQRW_gdI9Azl7Nrw/edit?usp=drivesdk

E co programa *segueliñas* elaborouse un deseño do Camiño Miñoto Ribeiro, de tal xeito que había que programar o robot para que parara en


cada unha das etapas. Alí, debíase ler unha información descritiva de cada localidade (tamén buscada polo alumnado). Precisamente esta foi a primeira que se realizou co alumnado portugués cando nos visitou no noso centro en Santiago.



RECIBIMENTO DO ALUMNADO DE VILA REAL:

Durante o 6, 7 e 8 de maio, 18 escolares da escola Diogo Cao de Vila Real, acompañados de tres profesores e un técnico da Câmara Municipal de Vila Real, visitou o noso centro. Ademais doutras actividades especificamente programadas polo concello de Santiago de Compostela, realizamos conxuntamente as actividades de robótica e as do xogoquiz (xa expostas no punto anterior), nas cales o noso alumnado exerceu de monitoras e monitores.

Ademais, e posto que unha das actividades programadas polo Concello era un percorrido pola cidade histórica para todo o alumnado, programouse a rota dos trobadores medievais que tiveron relación coa nosa



cidade, baseada no libro *O amor que eu levei de Santiago*, de Yara Frateschi Vieira, Isabel Morán Cabanas e José Antonio Souto Cabo: Porta Faxeira (Airas Fernández Carpancho)-Catedral, Rúa da Moeda Vella e San Martiño Pinario (Joan Vasquez de Talaveira)- Praza do Campo ou Cervantes (Osorio Eanes)- Museo do Pobo Galego (Bernal de Bonaval)- Muralla medieval e Arco de Mazarelos (Pero da Ponte).

No seguinte vídeo aparece resumida a súa estancia de tres días na nosa cidade: <https://animoto.com/play/Lrubv8oGKVB9qZ76Rgv1hg>

4.- RECURSOS UTILIZADOS. FONTES.

- Exemplos de recursos en rede consultados para a realización de tarefas e recursos empregados desde a plataforma Edmodo

TRANSPORTS TO GO TO VILA REAL	PLACES WE CAN VISIT	TYPICAL FOOD / DISHES	CULTURE AND TRADITIONS
http://www.cm-vilareal.pt/index.php/conhecer/transportes-rodoviaros-urbanos-aereos-e-taxis https://wikitravel.org/en/Portugal (in the middle of the webpage)	https://www.portugaltravel.org/what-to-see-in-vila-real https://www.lonelyplanet.com/portugal/vila-real/attractions/a/poi-sig/1300106 https://www.thecrazytourist.com/15-best-things-vila-real-portugal/	https://www.eater.com/2017/6/28/15870974/portuguese-food-traditional-cuisine https://www.authenticfoodquest.com/popular-portuguese-dishes/	http://www.cm-vilareal.pt/index.php/conhecer/artesanato https://www.oddizzi.com/teachers/explore-the-world/places/europe/portugal/key-facts/ https://multiculturalkidblogs.com/2017/04/03/10-fun-facts-about-portugal-for-kids/

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/ourense/miliarios/>

<https://www.uvigo.gal/es/node/96017>

<http://xacobeominhotoribeiro.blogspot.com/>

<http://debragaasantiago.com/etapas-geira-romana-arrieiros-camino-santiago-minoto/>

http://dspace.aestrada.com/jspui/bitstream/123456789/915/1/misc20_04.pdf

Luis Manuel Ferro Pego

<https://ageps.webs.uvigo.es/cxm-r/cxm-r.htm>

https://xacobeominhotoribeiro.blogspot.com/p/blog-page_26.html


"Unha mirada dende a saúde pública cara o Camiño Xacobeo Minhoto Ribeiro"
Lourdes Maceiras García, 2012 Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública. U. de Vigo

"Camiño Xacobeo Miño Ribeiro"

Cástor Pérez Casal e José Ramón Estévez Pérez, 2010

http://xacopedia.com/Santiago_de_Compostela

<https://vivecamino.com/guia-de-santiago/historia-de-una-ciudad-milenaria/>



Portuguese Music

As we're travelling to Portugal in few days :), I thought that a great way to learn a new language is singing (or listening to songs, at least).



Fado is considered the soul of Portuguese music. You can also enjoy other traditional styles. I highly recommend you to search for it. But I decided to upload current music. I invite you to listen to the following video.

Cominho and Marisa Monte sing "Chuva no Mar".

<https://youtube.com/watch?v=IIRXFz7C24>

Cape Verde was a colony of Portugal from 1462 until the independence of Cape Verde in 1975. Cape Verde music has African, Portuguese and Brazilian influences. As well as Cape Verde, Portuguese music is strongly influenced by the rhythm of the mentioned Island. I love *Cesária Évora*, but I suppose you will prefer the video I chose to upload here:

https://youtu.be/INh_V09E4s0o



ESSAY: TRIP TO VILA REAL Deadline: Wednesday 3rd April

Follow the "hamburger writing template", in the picture below. Use paragraphs.

SOME HELP

CONNECTORS

*Last week ...

• On Wednesday/Thursday/Friday ...

• The first/second/third day ...

• In the morning/afternoon ... At night ...

• First ... / Then ... / Finally ...

VERBS IN THE PAST

- went to

• travelled to

• arrived in

• had ... breakfast/lunch/dinner

• visited


• knew / met (people)

• saw

• (I) was / (We) were

• stayed in

ADJECTIVES: In descriptions, adjectives are very important. You have some ideas in the picture.



- Exemplos de fichas dirixidas para servir de esquema ás diferentes tarefas:

Nesta tarefa imos comprobar cal é **taxa de poboación activa** na Comunidade Autónoma de Galiza e na de Tras Os Montes.

Tamén analizaremos cal é a porcentaxe que se dedica aos diferentes sectores de produción nas dúas rexións, ata chegar a comprobar cal é o sector que emprega máis xente en ambas as dúas comunidades.

A diapositiva quedará mellor se pos algunha imaxe representativa...

Non esquezas incluír as fontes consultadas e de onde obtiveches as imaxes.

	Tras Os Montes	Galiza
Taxa de poboación activa		
Taxa de poboación en paro		
Sector primario		
Sector secundario		
Sector terciario		

❖ Indica dentro de cada sector que actividades son as predominantes. Por exemplo, en Galiza a pesca, dentro do sector primario, ten moita importancia, pero sería imposible en Tras Os Montes.

PROGRAMA: ENTREVISTA CON LOURDES MACEIRAS GARCÍA

DATA:

REALIZADO POR:

DURACION:

CONTROL	Cuñía publicitaria Vila Real.	
	Música introdutoria: Música medieval do camiño.	30"
1	O alumnado de 6ºA e B do CEIP LÓPEZ FERREIRO seguimos a investigar sobre o noso proxecto, de cara a coñecer máis datos sobre a nosa visita a Vila Real.	
2	Hoxe temos a Lourdes Maceiras, que ven disposta a falarnos do Camiño Xacobeo Miñoto. Para nós é un camiño descoñecido.	
3	Tendo en conta que é unha muller polifacética, imos aproveitar para saber algo máis dela.	
1	Ola Lourdes! Lendo un pouco a túa biografía chamounos a atención o feito de que es doutora, profesora e escritora. Como combinas esas tres profesións tan diferentes?	
Lourdes M.		
2	Afondando máis na túa faceta de escritora, como empezaches a escribir?	
Lourdes M.		
3	Por comentarios doutras autoras sabemos que non sempre é fácil publicar libros, como foi no teu caso?	
Lourdes M.		
1	Vimos algún extracto de obras túas, cousas moi diferentes: literatura infantil, xuvenil e un texto sobre a SIDA. Que tipo de libro ou escrito disfrutas máis escribindo?	
Lourdes M.		
2	De cara a animar á rapazada toda, como adoptaches a túa afección a ler?	
Lourdes M.		
3	Imos cambiar de pola, para adentrarnos no Camiño Miñoto. Temos entendido que eres unha gran coñecedora deste camiño, fixéchelo algunha vez?	

5.- IMPLICACIÓN COEDUCATIVA

Cincuenta e tres nenas e nenos de sexto participaron na posta en práctica deste proxecto, formando grupos heteróxeneos para a realización das actividades e rompendo ideas estereotipadas sobre determinadas actividades. Deste xeito, os nenos participaron en igualdade de condicións no obradoiro de cociña; e as nenas, que no mes de novembro participaron na semana STEM, actuaron como monitoras das actividades interactivas.

Neste proceso, contouse coa implicación da comunidade educativa, xa que a nivel de equipo directivo e claustro facilitouse a reorganización de horarios para o deseño das actividades; e por parte das familias, colaborando nas reunións informativas do proxecto, en momentos puntuais para a elaboración das propostas, e facilitando a participación do alumnado en actividades fóra do horario lectivo.

6.- DIFUSIÓN DO PROXECTO

Como xa se indicou no punto anterior, a representación de Vila Real, levou material en diferentes formatos do proxecto. Pero tamén a nosa comunidade educativa foi partícipe:

- Xa no inicio do desenvolvemento, a prensa e a páxina do concello foron dando conta das nosas actividades as familias recibiron as receitas que as súas fillas e fillos elaboraran no *Obradoiro de cociña portuguesa*.
- No vestíbulo do centro, expúxose material con que nos agasallaran en Vila Real.
- Cada clase do centro, recibiu tamén en formato papel un folleto publicitario de varias solapas para comentar en cada nivel.
- Colgouse o póster dixital nos blogs do noso centro educativo para promocionar a rexión Norte de Portugal, e mais concretamente, a cidade de Vila Real. Ademais, un resumo do proxecto foi incluído na revista *Pegada* do centro.
- Enviouse ás familias do alumnado de sexto o enlace para que accederan ao póster dixital e coñecer o traballo das súas fillas e dos seus fillos, e o resto das familias do centro un código QR con toda a información:

<https://edu.glogster.com/glog/pontes-para-coecermonos/3akuiv7cf62>



7.- AVALIACIÓN DO PROXECTO

Valémonos das seguintes ferramentas para valorar tanto o proceso como os resultados finais:

A) *Rúbricas de avaliación* a partires do traballo cooperativo e por medio da observación directa sobre o traballo realizado:

Traballo deficiente	Traballo mellorable	Traballo moi positivo	Traballo excelente
Prefire traballar de maneira individual, adoita participar pouco no traballo cooperativo e non respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	Participa no traballo cooperativo, pero non segue as pautas establecidas do grupo nin respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	Participa de maneira activa no traballo cooperativo e respecta as normas do grupo cun comportamento responsable, construtivo e solidario.	Participa en actividades de grupo adoptando hábitos de traballo cooperativo, compromiso, comportamento responsable, construtivo e solidario, e actitude positiva e de respecto cara aos principios básicos do funcionamento democrático.
Expón oralmente de forma desordenada e baixa cohesión, contidos relacionados coa área, que manifestan a incompreensión de textos..	Planifica as súas exposicións orais pero usa estruturas sinxelas e pouco elaboradas.	Expón oralmente de forma clara e con coherencia contidos relacionados coa área pero comete erros lingüísticos.	Planifica, revisa e expón oralmente de forma clara e ordenada os contidos con corrección lingüística o que manifesta a comprensión de textos orais e/ou escritos.

B) *Fichas de rexistro individual*, a partires da análise das tarefas, que complementaron as rúbricas anteriores:

-Grao de autonomía do traballo:

- ⊗ Realización sen axuda externa.
- ⊗ Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.
- ⊗ Grao de adquisición das aprendizaxes básicas.
- ⊗ Orde e limpeza na presentación.
- ⊗ Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.
- ⊗ Creatividade.

- Grao de competencia na busca de información:

- ⊗ Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática
- ⊗ Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.
- ⊗ Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).
- ⊗ Grao de elaboración da resposta.
- ⊗ Interese, motivación.

Temos que dicir que todo o alumnado participou e sorprendeunos co seu grao de implicación. É por iso que un 40% acadou unha valoración excelente e o 60% moi positiva.

C) Tamén se reflexionou e avaliou, dun xeito sinxelo o *proceso realizado* para o cal se pasaron *fichas de coavaliación entre o alumnado*.

NOME: Uria Alvarez Anón

COMPOÑENTES DO GRUPO	valoración do traballo realizado	actitude e colaboración	axuda na presentación	valoración da profesora
Pablo	3/3	3/3	3/3	
Sergio	3/3	3/3	3/3	
Uria	3/3	3/3	3/3	

- DIFICULTADES ATOPADAS:

- Non distribuímos ben as tarefas.
- Había demasiada información na rede.
- Non dabamos encontrado a información.
- Non traballaban igual todos os compoñentes:
- Outras: _____

- Que che parece este maneira de traballar e de adquirir os contidos? Moi ben porque aprendemos mentras que nos divertimos.

- Propostas de mellora.
Nada o traballo e os compañeiros parecenme moi bos.

NOME: _____

COMPOÑENTES DO GRUPO	valoración do traballo realizado	actitude e colaboración	axuda na presentación	valoración da profesora
Uria	3	3	3	
Roxalia	3	3	3	

- DIFICULTADES ATOPADAS:

- Non distribuímos ben as tarefas.
- Había demasiada información na rede.
- Non dabamos encontrado a información.
- Non traballaban igual todos os compoñentes:
- Outras: non explicamos ben o proceso.




- Que che parece este maneira de traballar e de adquirir os contidos? parecenme boa maneira porque aprenden e se pasan ben.

- Propostas de mellora.

A) Enquisa profesorado:

A primeira gráfica responde a unha cuestión metodolóxica; é dicir, o método cooperativo de traballo parece que resultou moi axeitado.

Na segunda, valórase se os contidos traballados desta maneira quedaron o suficientemente consolidados. A posición é máis diverxente cando se pregunta pola conveniencia de asentar esta práctica metodolóxica, xa que están igualadas as opinións de quen considera que debería formar parte da nosa práctica de traballo e quen a percibe como unha actividade puntual.




O que estivo ben do proxecto para o profesorado foi : a implicación da comunidade educativa, e a motivación do alumnado; os traballos de equipo, o que aprenderon do país veciño, a viaxe de intercambio; foi capaz de despertar a curiosidade dos alumnos e motivalos para investigar...


O que podería mellorarse para o profesorado foi: a coordinación coa escola portuguesa sobre as datas das actividades; desenvolve-lo durante máis tempo..

B) Enquisa familias:


Considera que o proxecto de intercambio foi unha experiencia interesante para a súa filla ou fillo?



Considera que o traballo deste proxecto foi axeitado para a adquisición de contidos? (Busca de información, exposicións, elaboración de gráficas, material dixital...)



A información recibida foi:



O que estivo ben do proxecto para as familias foi:

O preparar a viaxe dentro da aula, foron para alí xa con algún coñecemento. O compartir actividades con rapaces portugueses, mergullarse na súa cultura, no seu día a día.

O traballo dos alumnos foi impecable, o traballo dos profesores excelente

Todo. O traballo, na miña opinión, foi excelente.

O intercambio cultural e lingüístico

todo

Todo en xeral

O que debería mellorarse para as familias foi:

Nada

Por decir algo, un pouco máis de información as familias sobre o traballo.

Por tanto, podemos concluír que a realización deste proxecto viuse como un método pedagóxico moi positivo tamén desde a perspectiva da nosa comunidade educativa.


8.- FUNCIÓN E PAPEL DA BIBLIOTECA

Todo este proxecto tivo coma orixe o Proxecto Documental Integrado deste curso da biblioteca baseado na publicidade, no que baixo o título *A lectura ten moitas miradas*, pretendíase elaborar como produto final un póster dixital con diferentes mostras do traballado nas diferentes clases para dálo a coñecer á comunidade educativa. Cando por medio do Concello se viu a posibilidade de participar neste intercambio a biblioteca foi o eixo dinamizador:

-Proporcionando material e pautas para poder realizar a busca de información. E así,tivemos folletos turísticos, páxinas dixitais, a nosa radio escolar (*Lulu nas ondas*) e programas de pago coma o Glogster á disposición dos obxectivos deste proxecto e, por tanto, do alumnado.

-Proporcionando os robots M_Blot, a prol dunha biblioteca creativa.

-Dando visibilidade a estas prácticas educativas, nas que cada actividade difundida levaba o selo das bibliotecas escolares de Galicia.



Equipo de dinamización da biblioteca.

CEIP de Prácticas López Ferreiro.

Curso 2018-2019.

Profesorado responsable do proxecto:

M^a Carmen Bueno Ferreiro, M^a Carmen Montero Chacón, Amalia Pasarín Vázquez.